

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
3º EDUCACIÓN PRIMARIA
LINGUA ESTRANXEIRA**

**MESTRA: PAULA FUCIÑOS PÉREZ
COLEXIO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS**

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL
3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE INGLÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS
5. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO
6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:
 - TEMPORALIZACIÓN
 - GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA
 - PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
13. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓ E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENT
14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO
16. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO
18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que se ben é de secundaria é a recomendación feita por parte da inspección ata que non exista unha resolución similar para primaria.

Esta programación da lingua estranxeira (Inglés) está pensada para o curso de 1º da Educación Primaria do CEIP Os Tilos no Concello de Teo, concretamente na urbanización do mesmo nome do centro. É unha zona semiurbana moi preto da cidade de Santiago de Compostela.

Entre as características do alumnado podemos sinalar que a maior parte dos nenos e nenas que acoden a este centro teñen un nivel socio cultural medio alto.

No concello de Teo atópase o Centro de Rehabilitación Neurolóxica Foltra coa particularidade de que os nenos e nenas en idade escolar que acoden a el, escolarízanse na súa meirande parte no noso centro por corresponderlle zona e por proximidade. Isto supón que cada ano o centro recibe alumnado de integración procedente deste centro de rehabilitación, feito que teremos en conta á hora de desenvolver a presente programación.

Este centro forma parte do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) polo que tamén se terán en conta, na medida do posible, as actividades interdisciplinares que se propoñan dende a biblioteca do centro e outros equipos.

O alumnado de 3º de Primaria está distribuído en dous grupos 3º A e 3º B. Forman parte do Proxecto de Plurilingüismo que se está a desenvolver no centro polo que a área de Plástica é tamén impartida en inglés.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipostilos/aulavirtual/login/index.php>.

- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

No primeiro e segundo cursos de Educación Primaria no que non se usen aulas virtuais, ou no caso doutro alumnado no que non sexa posible o seu uso, arbitrase un modo alternativo para a

comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Tendo en conta a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o proximo curso 2021/2022, faise imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo.

- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

As aulas virtuais utilizaranse no seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, ofrecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

No suposto de ensino non presencial, os centros educativos adoitaran as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. O profesorado, preferentemente a través da aula virtual do centro, determinara as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Establecerase un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos. Este procedemento determinara e concretara claramente os obxectivos ou finalidades da comunicación, as persoas responsables así como a súa temporalización.

- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

A aula virtual do centro de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería

3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE INGLÉS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na definición que a LOMCE fai do currículo atopamos con elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as **competencias clave**, que se consideran prioritarias de cara ao desenvolvemento do alumnado.

A competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos.

As competencias que debe ter o alumno cando remate a Ed. Primaria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- 1.º Comunicación lingüística (CCL).
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3.º Competencia dixital (CD).
- 4.º Aprender a aprender (CAA).
- 5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Competencia en comunicación lingüística:

A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

Refírese á utilización dos números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

As competencias científica e tecnolóxica permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

Competencia dixital:

O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Competencia para aprender a aprender:

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira mellora enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do

logro, entre outras.

Competencias sociais e cívicas:

Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Conciencia e expresións culturais:

Esta competencia incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

PERFIL COMPETENCIAL DOS ESTÁNDARES					
Competencia Clave:		Aprender a aprender			
COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER					
PROCESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO			
		A	B	C	D
Organizar o propio proceso de aprendizaxe en grupo ou individualmente	[3º-PLEB1.4] , [3º-PLEB3.3] [3º-PLEB3.4] , [3º- PLEB5.10] , [3º-PLEB5.6]	- Sempre é capaz de organizar o propio proceso de aprendizaxe tanto a nivel individual como grupal.	-En algunhas ocasións é capaz de organizar o propio proceso de aprendizaxe tanto a nivel individual como grupal.	-Precisa axuda para organizar o propio proceso de aprendizaxe tanto a nivel individual como grupal nin con axuda.	-Non é quen de organizar o propio proceso de aprendizaxe tanto a nivel individual como grupal nin con axuda.
Adquirir, procesar e assimilar novos coñecementos e capacidades.	[3º-PLEB1.4] , [3º-PLEB3.3] [3º-PLEB3.4] , [1º- PLEB5.10] , [3º-PLEB5.6]	- Sempre é capaz de procesar e assimilar os novos coñecementos e capacidades adquiridas.	-É capaz de procesar e assimilar os novos coñecementos e capacidades adquiridas pero ás veces comete erros.	-É capaz de adquirir novos coñecementos e capacidades pero precisa axuda para procesalos e asimilalos.	-Non é quen de adquirir, procesar e assimilar novos coñecementos e capacidades.
Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplicalos en	[3º-PLEB1.4] , [3º-PLEB3.3] [3º-PLEB3.4] , [3º- PLEB5.10] , [3º-PLEB5.6]	-Sempre se apoia en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplícaos en situacións novas.	-Non sempre se apoia en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores nin as	-Precisa axuda para aplicar experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e aplicalos en	-non é quen de apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores e

situacións novas			aplica en situacións novas.	situacións novas.	aplicalos en situacións novas.
Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.	[3º-PLEB1.4] , [3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB5.10] , [3º-PLEB5.6]	-Sempre amosa motivación e confianza nas propias posibilidades.	-Non sempre amosa motivación e confianza nas propias posibilidades.	-Amosa motivación pero non ten confianza nas propias posibilidades.	-Non amosa motivación nin confianza nas propias posibilidades.

PERFIL COMPETENCIAL DOS ESTÁNDARES							
Competencia s Clave:	Comunicación Lingüística						
COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA							
PROCESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO				
	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	ORAL E ESCRITO				
			A	B	C	D	
PLANIFICAR	3º-PLEB1.1], [3º-PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , -3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3],	3º-PLEB1.1], [3º-PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3] , [3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , 3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3],	ORAL	-Sempre planifica as súas intervencións orais na aula co fin de conseguir un discurso coherente e con pronuncia axeitada e comprensible para os interlocutores	- Case sempre planifica as súas intervencións orais na aula co fin de conseguir un discurso coherente e con pronuncia axeitada e comprensible para os interlocutores.	- Precisa axuda para planificar as súas intervencións orais na aula co fin de conseguir un discurso coherente e con pronuncia axeitada e comprensible para os interlocutores	- Nunca planifica as súas intervencións orais na aula nin se preocupa por facer un discurso coherente e con pronuncia axeitada e comprensible para os interlocutores.
			ESCRITO	- Sempre planifica a creación dos seus textos escritos co fin de amosar coherencia na súa secuencia e empregar o vocabulario e estruturas axeitadas ao tema e tipo de texto.	- Case sempre planifica a creación dos seus textos escritos co fin de amosar coherencia na súa secuencia e empregar o vocabulario e estruturas axeitadas ao tema e tipo de texto.	- Precisa axuda para planificar a creación dos seus textos escritos e para amosar coherencia na súa secuencia e empregar o vocabulario e estruturas axeitadas ao tema e tipo de texto.	- Nunca planifica a creación dos seus textos escritos nin se esforza en amosar coherencia na súa secuencia nin en empregar o vocabulario e estruturas axeitadas ao tema e tipo de texto.
CREAR UN TEXTO COHERENTE	3º-PLEB1.1], [3º-PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3] , [3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , -3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3]	3º-PLEB1.1], [3º-PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3] , [3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , -3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3]	ORAL	-Sempre crea un discurso coherente nas súas intervencións orais.	-Case sempre crea un discurso coherente nas súas intervencións orais.	-Precisa axuda para crear un discurso coherente nas súas intervencións orais.	-Non é quen de crear un discurso coherente nas súas intervencións orais.
			ESCRITO	-Sempre crea un texto coherente na súa secuencia e léxico	-Crea un texto coherente na súa secuencia e léxico pero as veces comete erros.	-Precisa axuda para crear un texto coherente na súa secuencia e léxico.	-Non é quen de crear un texto coherente na súa secuencia e léxico.
ADECUARSE AO CONTEXTO	3º-PLEB1.1], [3º-PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3] , [3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , -3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3]	3º-PLEB1.4] , 3º-PLEB1.5, 3º-PLEB2.1] , -3º-PLEB2.4] , [[3º-PLEB2.5] , 3º-PLEB3.1] , [3º-PLEB3.2] , 3º-PLEB3.3] , [3º-PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5] , [3º-PLEB3.6] , [3º-PLEB4.1] , [3º-PLEB4.2]] , [3º-PLEB4.3]	ORAL	-As súas intervencións orais sempre se axeitan ás situacións de comunicación e actividades que se están a desenvolver na aula.	- As súas intervencións orais case sempre se axeitan ás situacións de comunicación e actividades que se están a desenvolver na aula	- Precisa axuda nas súas intervencións orais para que se axeiten ás situacións de comunicación e actividade que se están a desenvolver na aula.	-As súas intervencións orais nunca se axeitan ás situacións de comunicación e actividades que se están a desenvolver na aula.
			ESCRITO	- Sempre crea textos escritos coherentes e gramaticalmente correctos axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide.	- Crea textos escritos coherentes e correctos axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide pero ás veces comete erros gramaticais.	- Precisa axuda para crear textos escritos coherentes e gramaticalmente correctos axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide.	- Non é quen de crear textos escritos coherentes e gramaticalmente correctos nin axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide
PRESENTACIÓN		3º-PLEB1.1] , [3º-					

		PLEB1.2], [3º-PLEB1.3], [3º-PLEB1.4], 3º- PLEB1.5, 3º-PLEB2.1], - 3º-PLEB2.4], [3º- PLEB2.5], 3º-PLEB3.1], [3º-PLEB3.2],	ESCRITO	- Sempre crea textos escritos coherentes e gramaticalmente correctos axeitados ao tema e tipo de texto que	- Crea textos escritos coherentes e correctos axeitados ao tema	- Precisa axuda para crear textos escritos coherentes e gramaticalmente	- Non é quen de crear textos escritos coherentes e gramaticalmente
--	--	--	---------	--	---	---	--

		3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4], [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º- PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º-PLEB4.3]		se lle pide.	e tipo de texto que se lle pide pero ás veces comete erros gramaticais	correctos axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide	correctos nin axeitados ao tema e tipo de texto que se lle pide.
FLUIDEZ E INTERACIÓ ORAL	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]		ORAL	- Sempre se expresa con facilidade e espontaneidade, emprega vocabulario axeitado así como unha pronuncia e entoación comprensible na exposición oral de traballos e nas interaccións orais	- Sempre se expresa con facilidade e espontaneidade, emprega vocabulario axeitado pero comete erros na pronuncia e entoación na exposición oral de traballos e nas interaccións orais.	- Cóstalle expresarse con facilidade e espontaneidade, emprega vocabulario axeitado e en ocasións comete algún erro na pronuncia e entoación na exposición oral de traballos e nas interaccións orais.	- Non é quen de expresarse con facilidade nin espontaneidade, nin emprega vocabulario axeitado nin unha pronuncia e entoación comprensible na exposición oral de traballos e nas interaccións orais
REVISIÓN DE TEXTOS	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	ORAL	- Sempre revisa as súas interaccións orais co fin de detectar erros e mellorar as súas intervencións na aula	- Case sempre revisa as súas interaccións orais co fin de detectar erros e mellorar as súas intervencións na aula	- Precisa axuda para revisar as súas interaccións orais co fin de detectar erros e mellorar as súas intervencións na aula	- Nunca revisa as súas interaccións orais co fin de detectar erros e mellorar as súas intervencións na aula
			ESCRITO	- Sempre revisa os seus textos escritos co fin de detectar e correxir erros ortográficos e gramaticais.	- Revisa os seus textos escritos co fin de detectar e correxir erros ortográficos e gramaticais pero non sempre o consigue	- Precisa axuda para detectar e correxir erros ortográficos e gramaticais.	- No é quen de revisar os seus textos escritos para detectar e correxir erros ortográficos e gramaticais.
LOCALIZAR E OBTEN INFORMACIÓ ORAL	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	ORAL	- Sempre comprende o sentido global e identifica con precisión información esencial e ideas principais en textos orais sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais	- Normalmente comprende o sentido global e identifica información esencial e ideas principais en textos orais sinxelos con léxico de uso frecuente sobre temas habituais	- Precisa axuda para comprender o sentido global e algunha vez identifica información esencial e ideas principais en textos orais sinxelos con léxico de uso frecuente sobre temas habituais	- Non é quen de comprender o sentido global nin identificar con precisión información esencial e ideas principais en textos orais sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais.
			ESCRITO	- Sempre comprende o sentido global e identifica con precisión información esencial e ideas principais en textos escritos sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais	- Normalmente comprende o sentido global e identifica información esencial e ideas principais en textos escritos sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais	- Precisa axuda para comprender o sentido global e algunha vez identifica información esencial e ideas principais en textos escritos sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais	- Non é quen de comprender o sentido global nin identificar información esencial e ideas principais en textos escritos sinxelos con léxico básico de uso frecuente sobre temas habituais
INTEGRAR E INTERPRET AR	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	3º-PLEB1.1], [3º- PLEB1.2] , [3º-PLEB1.3], [3º- PLEB1.4], 3º-PLEB1.5, 3º- PLEB2.1], -3º-PLEB2.4], [[3º-PLEB2.5], 3º- PLEB3.1], [3º-PLEB3.2], 3º-PLEB3.3], [3º- PLEB3.4] , [3º-PLEB3.5], [3º- PLEB3.6], [3º-PLEB4.1], [3º-PLEB4.2], [3º- PLEB4.3]	ORAL	- Sempre recoñece léxico de alta frecuencia e estructuras sintácticas básicas e empregaas en situacións orais e contextos diversos	- Normalmente recoñece léxico de alta frecuencia e estructuras sintácticas básicas e empregaas en situacións orais e contextos diversos aínda que a veces comete erros	- Recoñece léxico de alta frecuencia e algunhas estructuras sintácticas básicas pero precisa axuda para empregarlas en situacións orais e contextos diversos	- Non recoñece léxico de alta frecuencia nin estructuras sintácticas básicas nin as emprega en situacións orais e contextos diversos
			ESCRITO	- Sempre recoñece léxico escrito de alta frecuencia e estruturas sintácticas básicas e empregaas	- Sempre recoñece léxico escrito de alta frecuencia e estructuras sintácticas básicas e empregaas nos	- Recoñece léxico escrito de alta frecuencia e algunhas estructuras sintácticas básicas	- Non recoñece léxico escrito de alta frecuencia nin estruturas sintácticas

				nos seus textos escritos	seus escritos pero a veces comete algún erro	pero precisa axuda para empregalas nos seus textos escritos	básicas nin as emprega nos seus textos escritos
REFLEXIONAR E VALORAR	3º-PLEB1.1] , [3º- PLEB1.2] , [3º- PLEB1.3] , [3º- PLEB1.4] , 3º- PLEB1.5, 3º- PLEB2.1] , -3º- PLEB2.4] , [[3º- PLEB2.5] , 3º- PLEB3.1] , [3º- PLEB3.2] , 3º- PLEB3.3] , [3º- PLEB3.4] , [3º- PLEB3.5] , [3º- PLEB3.6] , [3º- PLEB4.1] , [3º- PLEB4.2] , [3º- PLEB4.3]	3º- PLEB1.1] , [3º- PLEB1.2] , [3º- PLEB1.3] , [3º- PLEB1.4] , 3º- PLEB1.5, 3º- PLEB2.1] , -3º- PLEB2.4] , [[3º- PLEB2.5] , 3º- PLEB3.1] , [3º- PLEB3.2] , 3º- PLEB3.3] , [3º- PLEB3.4] , [3º- PLEB3.5] , [3º- PLEB3.6] , [3º- PLEB4.1] , [3º- PLEB4.2] , [3º- PLEB4.3]	ORAL	- Sempre valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación oral e amosa curiosidade e interese hacia as persoas e culturas diferentes ás nosas	- Case sempre valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación oral e amosa curiosidade e interese hacia as persoas e culturas diferentes ás nosas	- Algunha vez valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación oral e amosa pouca curiosidade e interese hacia as persoas e culturas diferentes ás nosas	- Non valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación oral nin amosa curiosidade e interese hacia as persoas e culturas diferentes ás nosas.
			ESCRITO	- Sempre valora a lingua estranxeira escrita como instrumento de comunicación e amosa interese por empregala de forma correcta nos seus escritos	- Normalmente valora a lingua estranxeira escrita como instrumento de comunicación e amosa interese por empregala de forma correcta aínda que a veces comete erros nos seus escritos	- Valora a lingua estranxeira escrita como instrumento de comunicación e amosa pouco interese por empregala pero precisa axuda para facelo de forma correcta nos seus escritos	- Non valora a lingua estranxeira escrita como instrumento de comunicación nin amosa interese por empregala de forma correcta nos seus escritos

COMPETENCIA PARA O SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

PROCESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO			
		A	B	C	D
Transformar as ideas en actos.	[3º- PLEB3.5] , `3º- PLEB3.6]	- Sempre fai pequenas exposicións orais e escribe pequenos textos sobre temas da vida cotiá: diarios, cartas, e-mails, cómics,... con axuda.	- Fai pequenas exposicións orais e escribe pequenos textos sobre temas da vida cotiá: diarios, cartas, e-mails, cómics,... pero comete algún erro	- Fai pequenas exposicións orais e escribe pequenos textos sobre temas da vida cotiá: diarios, cartas, e-mails, cómics,... con axuda.	- Non é quen de facer pequenas exposicións orais nin escribir pequenos textos sobre temas da vida cotiá: diarios, cartas, e mails, cómics,..
Planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos	[3º- PLEB3.5] , [3º- PLEB3.6]	- Sempre emprega estratexias sinxelas de planificación (búsqueda, recompilación, organización da información) e comprobación do traballo realizado.	- Normalmente emprega estratexias sinxelas de planificación (búsqueda, recompilación, organización da información) pero non sempre comproba o traballo realizado.	- Precisa axuda para empregar estratexias sinxelas de planificación (búsqueda, recompilación, organización da información) e comprobar do traballo realizado	- Non emprega estratexias sinxelas de planificación (búsqueda, recompilación, organización da información) nin comproba o traballo realizado.

PERFIL COMPETENCIAL DOS ESTÁNDARES

COMPETENCIA CLAVE:	Sociais e cívicas.						
COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ							
PROCESO	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	RÚBRICA DO NIVEL DE LOGRO					
		A	B	C	D		
Interpretar fenómenos e problemas sociais para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos.	[3º- PLEB1.6] , [3º- PLEB2.3] , [3º- PLEB2.4] , [3º- PLEB2.5] , [3º- PLEB4.7] , [3º- PLEB4.8] , [3º- PLEB5.11] , [3º- PLEB5.12] , [3º- PLEB5.13] , [3º- PLEB5.15] , [3º- PLEB5.2] , [3º- PLEB5.7] , [3º- PLEB5.9]	- En situacións de desacordo ou conflitos, sempre escoita outras opinións e acepta suxerencias. Sempre propón alternativas para o consenso ou solución.	- En situacións de desacordo ou conflitos, case sempre escoita outras opinións e acepta suxerencias. A veces propón alternativas para o consenso ou solución.	- En situacións de desacordo ou conflitos, poucas veces escoita outras opinións e acepta suxerencias. Non propón alternativas para o consenso ou solución	- En situacións de desacordo ou conflitos, non escoita outras opinións nin acepta suxerencias. Nunca propón alternativas para o consenso ou solución		
Traballo cooperativo (Interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e as conviccións democráticas.)	[3º- PLEB1.6] , [3º- PLEB2.3] , [3º- PLEB2.4] , [3º- PLEB2.5] , [3º- PLEB4.7] , [3º- PLEB4.8] , [3º- PLEB5.11] , [3º- PLEB5.12]	- Sempre escoita, comparte e ofrece ideas para realizar o traballo de grupo e esforzase por conseguir os obxectivos e manter	- Sempre escoita, comparte pero non ofrece ideas para realizar o traballo de grupo e esforzase por conseguir os obxectivos e manter	- Algnhas veces escoita, comparte e ofrece ideas para realizar o traballo de grupo pero esforzase pouco por conseguir os obxctivos e por manter a unión no grupo.	- Nunca escoita, nin comparte nin ofrece ideas para realizar o traballo de grupo e nin se esforza por conseguir os obxectivos nin manter a unión no grupo.		

	[3º- PLEB5.13], [3º-PLEB5.15],	a unión do grupo.	a unión no grupo.		
--	-----------------------------------	-------------------	-------------------	--	--

	[3º- PLEB5.2], [3º- PLEB5.7], [3º- PLEB5.9]				
Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional.	[3º- PLEB1.6] , [3º- PLEB2.3], [3º- PLEB2.4], [3º- PLEB2.5], [3º- PLEB4.7], [3º- PLEB4.8], [3º- PLEB5.11], [3º- PLEB5.12], [3º- PLEB5.13], [3º- PLEB5.15], [3º- PLEB5.2], [3º- PLEB5.7], [3º- PLEB5.9]	- Sempre participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles sen ningún tipo de dificultade.	- Non sempre participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles aínda que non ten ningún tipo de dificultade	- Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles con dificultade.	- Nunca participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.

4. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS		
COMPETENCIA CLAVE:	Aprender a aprender	
NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES
3º	PLE	3º- PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.
		3º- PLEB3.3 - Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
		3º- PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora
		3º- PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral
		3º- PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS		
COMPETENCIAS CLAVE:	Comunicación Lingüística	
NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES
3º	PLE	3º- PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá
		3º- PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado
		3º- PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)
		3º- PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet
		3º- PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)
		3º- PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.
		3º- PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
		3º- PLEB2.5 - Aмосa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.
		3º- PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
		3º- PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais
		3º- PLEB3.3 - Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.
		3º- PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
		3º- PLEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.
		3º- PLEB3.6 - Aмосa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

		3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
--	--	--

		3º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.
		3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS		
COMPETENCIAS CLAVE:		Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES
3º	PLE	3º-PLEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento
		3º-PLEB3.6 - Aмосa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS		
COMPETENCIA CLAVE:		Sociais e cívicas
NIVEL	ÁREA	ESTÁNDARES
3º	PLE	3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.
		3º-PLEB2.3 - Aмосa unha actitude de escoita atenta.
		3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
		3º-PLEB2.5 - Aмосa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.
		3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.3º- PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación
		3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
		3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.
		3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.
		3º-PLEB5.13 - Aмосa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas.
		3º-PLEB5.15 - Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural.
		3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e dirixese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...)
		3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc

5. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

O currículo establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lle permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles

permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) *Valorar a hixiene e a saúde*, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Concreción dos obxectivos para a programación de 3º de primaria:

BLOQUE 1: COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBXECTIVOS	CONTIDOS
<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás</p>	<p>▪ B1.1. Estratexias de comprensión: Activación de coñecementos previos a partir de debuxos, mímica, preguntas... para á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación breves conectadas cos seus intereses e adaptadas a súa idade. Interpretación das ideas principais expresadas en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos. Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. Identificación e asociación de significados apoiándose no contexto, ilustracións... Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases?) e non verbais (expresión facial, xestos...). Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais. Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.</p> <p>PLE-B1.2-Patrons sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: familiarización cos sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre/a e de recursos audiovisuais.</p>

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBXECTIVOS	CONTIDOS
<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.</p> <p>i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.</p>	<p>▪ B2.1. Estratexias de produción: -Planificación: Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Apoiarse nos coñecementos previos. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas, próximas a súa idade, a través de respostas verbais e non verbais. Producir textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas. Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais. Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas, tendo en conta as habituais fórmulas de cortésia.</p> <p>PLE-B2.2-Patrons sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible. Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).. Uso e identificación de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais.</p>

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS
<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita</p>	<p>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: - Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar. Facer anticipacións e hipóteses, a partir dos elementos icónicos e textuais, sobre o contido de textos sinxelos non coñecidos que sexan da súa interese e adaptados a súa idade. Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións. Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula? Iniciación á lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.</p>

expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.	PLE-B3.2-Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos. Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son. Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: ?, @
---	---

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS
<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación: Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: contos, notas, dramatizacións ? Execución Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas. Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos. Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras. Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura. Empregar programas informáticos para reproducir mensaxes escritos sinxelos. Reproducir progresivamente a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma. Producir a partir de modelos, de palabras e expresións, coñecidas previamente en interaccións orais, para transmitir información. Iniciar a reelaboración de informacións en ficheiros, libríños... breves textos escritos afíns aos intereses e experiencias de alumnos e alumnas, cunha intención comunicativa.</p> <p>PLE-B4.2-Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais: Uso dos signos de puntuación máis básicos. Uso de símbolos de uso frecuente: ?. Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.</p>

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

OBXECTIVOS	CONTIDOS
------------	----------

<p>b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.</p> <p>f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.</p>	<p>PLE-B5.1-Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse. Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira. Aspectos sociais e culturais próximos aos intereses dos nenos e nenas dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada e doutros países do mundo. Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara aos demais para comprender e facerse comprender.</p> <p>PLE-B5.2-Funcións comunicativas: Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais. Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo. Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade. Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias. Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade. Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo. Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta. Descrición de persoas, plantas e animais. Expresión de desexos. Formulación de preguntas sobre o desexo. Expresión de instrucións. Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda (Can I have (pasta), please?).</p> <p>PLE-B5.3-Estruturas sintáctico-discursivas: Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I?m, I'm (bored), What's your favourite food?, My favourite food is...). Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't). Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo</p>
--	---

	<p>atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in). Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to). Expresión de cantidade: contar desde 51 a 100. Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's). Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many? are there?). Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't). Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)). Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't). Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play tennis), I can't (play golf). Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing). Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?). Expresión de desexos (I want to (make a cake). Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)). Expresión de instrucións (Touch your (legs), listen, please?). Realización de preguntas e respostas (What's this?, It's?). Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).</p> <p>PLE-B5.4-Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais e escolares, roupa, adxectivos para describir persoas, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais salvaxes, partes do corpo e da cara, e partes da casa.</p>
--	---

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PRODECEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES	INDICADOR MÍNIMO DE LOGRO	T1	T2	T3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación/ Procedementos de avaliación %	C.C. do perfil competencial
BLOQUE1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS							
PLE-B1.1	3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.	Recoñece comprensivamente as palabras traballadas ao longo do curso dentro dun texto				PRODECEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CCL
PLE-B1.2	3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	Recoñece comprensivamente as palabras traballadas ao longo do curso dentro dun texto que contén apoio visual cunha comprensión global da acción narrada				PRODECEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CCL
	3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos)	Responde con accións a instrucións básicas de aula como abrir/pechar o libro levantarse/ sentarse				PRODECEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as	CCL

PLE-B1.3	3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que	Recoñece palabras traballadas ao longo do curso dentro dun texto cunha comprensión global da mensaxe para				<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramatización.</p>	CCLCA
----------	---	--	--	--	--	---	-------

	participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet	completar actividades en formato dixital					
	3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	Responde con accións a instrucións básicas de aula como abrir/pechar o libro- levantarse/ sentarse				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos	CCL
PLE-B1.6	3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido	Mostra participación activa en actividades comunicativas de aula				PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CSC
BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS							
PLE-B2.1	3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/ a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles	Presentase dicindo o seu nome, idade e gustos sobre actividades, comidas e animais favoritos, expresa capacidade por realizar algún deporte e expresar posesión referida a obxectos ou rasgos físicos.				PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CCL
PLE-B2.2	3º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta	Presta atención habitualmente as explicacións e actividades de aula				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC
PLE-B2.3	3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos	Reproduce comprensiblemente parte de cancións aprendidas na aula.				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CCL CSC
BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
PLE-B3.1	3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral	Asocia a forma escrita das palabras traballadas na aula con imaxes correspondentes				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo	CCL
PLE-B3.2	3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.	Recoñece comprensivamente as palabras traballadas ao longo do curso dentro dun texto que contén apoio visual cunha comprensión global da acción narrada e dos personaxes				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL
	3º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira	Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL CAA
	3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora	Busca e atopa as palabras coñecidas dentro dun texto para chegar a súa comprensión				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL CAA

PLE-B3.3	3º-PEB3.5 - Iníciase na selección de contos ou narracións da	Colle algúns libros da biblioteca de aula e mostra interés por leelos.				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL CCIEE
----------	--	--	--	--	--	---	--------------

	biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento.					INSTRUMENTOS: Diario de clase	
	3º-PLEB3.6 - Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos	Amosa interese por comprender os textos presentados na aula.				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	
BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS							
PLE-B4.1	3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral	Escribe seguindo un modelo frases sobre quen é onde vive, deportes que é capaz de realizar e a posesión de obxectos, así como a colocación destes usando preposición de lugar (in / on / under) e asociaos a unha imaxe correspondente.				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL
PLE-B4.2	3º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida	Escribe seguindo un modelo preguntas e respostas sobre o nome, idade, gustos, capacidade e posesión du obxecto				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL
	3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.	Escribe seguindo un modelo frases sobre quen é onde vive, deportes que é capaz de realizar e a posesión de obxectos, así como a colocación destes usando preposición de lugar (in / on / under) e asociaos a unha imaxe correspondente				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL
	3º-PLEB4.4 - Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...).	Completa un formulario en liña con seus datos :nome, apelido e idade e domicilio.				PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase	CCL
PLE-B4.3	3º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar	Responde de forma escrita seguindo un modelo a posición dun obxecto usando preposicións in/on/under, expresa a hora en punto/ e media /e cuarto/ menos cuarto, e a comida que lle gusta	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Lista de control/ cotexo.	CCL
	3º-PLEB4.6 - Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental	Escribe seguindo un modelo frases sobre quen é onde vive, deportes que é capaz de realizar e a posesión de obxectos, así como a colocación destes usando preposición de lugar (in / on / under) e asociaos a unha imaxe correspondente tanto en formato papel coma dixital			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase	CCL CAA

	3º-PLEB4.7 - Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade.	Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos	CCL CSC
--	---	--	---	---	---	---	----------------

	3º-PLEB4.8 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	Valora a lingua escrita como medio de comunicación	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CCL CSC
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA EN CONCIENCIA INTERCULTURAL							
PLE-B5.1	3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conersas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais	Responde a preguntas dicindo o seu nome, idade e gustos sobre actividades, comidas e animais favoritos, expresa capacidade por realizar algún deporte e expresar posesión referida a obxectos ou rasgos físicos		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CSC
PLE-B5.2	3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúde e despedidas e dirixese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...)	Utiliza as rutinas de saúde e despedidas utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye)	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CCL CSC
PLE-B5.3	3º-PLEB5.3 – Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas	Recoñece comprensivamente as palabras traballadas ao longo do curso dentro dun texto que contén apoio visual cunha comprensión global asociando frase con imaxe.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL
PLE-B5.4	3º-PLEB5.4 - Expresa e identifica a localización básica de obxectos.	Expresa de forma comprensiva a localización dun obxecto usando as preposicións in / on /under	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CCL
PLE-B5.5	3º-PLEB5.5 - Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.	Expresa o que lle gustaría coa estrutura I like...			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CCL
PLE-B5.6	3º-PLEB5.6 - Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa	Usa o nexo AND e orde as palabras nunha oración seguindo un modelo			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as	CCL
PLE-B5.7	3º-PLEB5.7 – Diferenza preguntas e respostas simples	Distingue a entoación para diferenciar pregunta de resposta.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais	CCL CSC
PLE-B5.8	3º-PLEB5.8 – Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais.	Memoriza a meirande parte do vocabulario así como expresións gramaticais para expresar gustos, pertenza, capacidade e ligar onde se habita, así como preguntar polos gustos dos demais e pedir permiso	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL
PLE-B5.9	3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc	Participa habitualmente de forma activa en xogos de letras	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo	CSC
PLE-B5.10	3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado	Comprende e usa de forma adecuada e comprensible a meirande parte do vocabulario traballado ao longo do curso nas distintas unidades. Lee de forma correcta e asocia coa imaxe	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo	CCL CAA

	previamente de forma oral	correspondente					
PLE-B5.11	3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperativa e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.	Participa habitualmente en actividades de aula de forma respectuosa	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CCL CSC
PLE-B5.12	3º-PLEB5.12 - Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna	Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CSC
PLE-B5.13	3º-PLEB5.13 - Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas	Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CSC CCL
PLE-B5.14	3º-PLEB5.15 – Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural	Recoñece festividadeas propias de países de fala estranxeira e compárao coas propias			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea	CSC

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

O obxectivo curricular das directrices lexislativas da Área de Linguas Estranxeiras non é ensinar unha lingua en si mesma, senón ensinar a comunicarse con ela mediante o seu uso, tal e como aparece establecido polo Consello de Europa *no Marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras*, segundo a cal os alumnos e alumnas deberán ser capaces de efectuar progresivas tarefas de comunicación para desenvolver gradualmente a competencia comunicativa nas devanditas linguas.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da

vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades da nosa programación proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

Desde o punto de vista metodolóxico fomentárase un uso contextualizado da lingua, no marco de situacións comunicativas propias de ámbito diversos propios destas idades, e que permitan a utilización real e motivadora da lingua.

O xogo, sobre todo nos primeiros anos, e a realización de tarefas conxuntas, ademais de permitir asentar adecuadamente as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, contribúen a que a área desenvolva o papel educativo que lle corresponda como instrumento de socialización.

Polo tanto, o ensino da lingua estranxeira na Ed. Primaria enmárcase nun enfoque comunicativo e cun tratamento globalizado das actividades ou destrezas lingüísticas, facendo fincapé durante toda a etapa na comunicación oral e na consciencia intercultural.

Ao longo dos diferentes cursos, na área de inglés, os contidos estrutúranse arredor de unidades didácticas en torno a un ou varios centros de interese (*topics*) e, o desenvolvemento destes abrangue aspectos doutras áreas do currículo (coñecemento do medio, plástica, ...) e xera á súa vez a lingua necesaria para cubrir os devanditos contidos. A lingua convértese deste xeito no vehículo para a adquisición e desenvolvemento doutros coñecementos ou para a consecución de tarefas (*tasks*).

O fío condutor, na área de lingua estranxeira, son as historias e contos cunha graduación ascendente en canto a vocabulario, estruturas e contidos.

No 3º curso de Primaria as historias e contos están deseñadas para contextualizar a linguaxe útil e cotiá para, deste xeito, empezar a desenvolver as destrezas discursivas en vez de elementos de vocabulario illados.

Para proporcionar un contexto axeitado na introdución da lectura e escritura de forma motivadora na lingua estranxeira inténtase en todo momento:

- Cautivar o interese e a imaxinación do alumnado.
- Contextualizar a linguaxe útil e cotiá e ofrecer oportunidades de transferila a outras situacións.
- Fomentar o desenvolvemento de destrezas comunicativas e o uso natural da lingua.
- Personalizar a aprendizaxe da lingua.
- Ofrecer un contexto pertinente para introducir as primeiras destrezas de lectoescritura dunha forma motivadora, nun primeiro momento, para posteriormente potenciar a práctica escrita e lida a través dunha grande variedade de contextos.

Ao longo de toda a etapa as destrezas comunicativas amplíanse de forma gradual e sistemática segundo a idade e o nivel:

- a) "*Listening*": A través de audicións (cancións, rimas, *chants*, historias, diálogos) os nenos e

nenas familiarízanse cos sons, o ritmo e o ton do idioma

- b) "*Speaking*": Recitar e cantar cos demais, contar contos, manter diálogos, responder, preguntar, dramatizar. As actividades orais céntranse sobre todo en proporcionar marcos que impulsen aos nenos a empregar o inglés por razóns coas que poidan identificarse e que entendan e que lles parezan motivadoras e amenas
- c) "*Reading*": Lecturas que irán en aumento de forma gradual e sistemática ao longo dos distintos niveis.
- d) "*Writing*": Expresión escrita que chega ao seu nivel máximo ao final de quinto e sexto con moita flexibilidade nesta destreza ao longo do primeiro nivel de primaria.
- e) "*Vocabulary*". Comezando con palabras relativas aos intereses, as experiencias e ao mundo inmediato do alumno no primeiro ciclo, para ir abrindo un abano maior de contextos e situacións da vida cotiá en os niveis máis avanzados.
- f) "*Pronunciation*": A través dunha grande variedade de historias, diálogos, conversacións, chants, raps e cancións, os alumnos e alumnas familiarízanse cos sons, ritmos, tons e os patróns do inglés, e aprenden a producilos dun xeito natural. Desenvólvense destrezas fonolóxicas tales como: repetición de palabras (cando se presentan novos elementos), segmentación e orde de diferentes fonemas e recoñecemento da súa frecuencia (durante actividades auditivas), e mestura dos mesmos (manter varios patróns fonéticos na memoria e pronuncialos dun xeito fluído). Finalmente destacar a necesidade de conseguir un clima afectivo, positivo e motivador que facilite a convivencia e a cooperación na aula. Un ambiente de traballo no que se propicie a participación e no que a produción lingüística en calquera sentido sexa benvida.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos recursos persoais empregaranse os seguintes recursos materiais:

- Libro dixital
- Libros de texto: class book and activity
- Flashcards
- Wordcards
- Posters
- CDs de audio
- DVDs
- Programas informáticos

- Taboleiro dixital
- Libros de ficción e non ficción
- Dicionarios
- Fotocopias
- Internet/ Recursos da web
- Ordenadores

Cada un destes materiais e recursos quedarán reflectidos con máis detalle nas respectivas UDI.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A **avaliación por competencias** permite avaliar tanto o logro dos obxectivos da materia coma o grao de adquisición das Competencias clave. Uns criterios están ligados expresamente a conceptos, e outros, preferentemente a procedementos e actitudes.

En función do obxectivo a avaliar, empregaremos distintas modalidades: **avaliación sumativa** (realizárase en diferentes momentos do curso e que se corresponderán coas finais de avaliación e de curso), a **inicial** e a final e, sobre todo, a **continua** aquela que terá lugar durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación do alumnado de 3º curso da Ed. Primaria serán os seguintes:

1. Observación sistemática: consistirá na observación do traballo do alumno/a na aula:

- asistencia diaria e participación.
- intervencións na aula: resposta a preguntas, pregunta dúbidas, sae ao encerado para resolver exercicios voluntariamente...
- realización das tarefas: rematas na aula ou tenas que rematar na casa, fainas de forma correcta ou comete moitos erros,...
- realización das actividades propostas como tarefa de casa.
- A actitude ante o traballo na aula tanto a nivel de grupo como de forma individual.

2. Análise das producións dos alumnos/as:

- cadernos de traballo: limpos e ordenados, actividades rematadas,...

- producións escritas: copia palabras e frases sinxelas, constrúe frases gramaticalmente correctas, pequenos textos,...
- producións orais
 3. Diarios de aula: recollida das incidencias máis relevantes que teñan lugar durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe na aula
 4. Realización de probas específicas:
- probas orais: conversas sobre debuxos , láminas nas que apareza o vocabulario e estruturas traballadas na aula.
- probas escritas relativas aos contidos que se traballan na aula.
 1. Rúbricas de avaliación de competencias e contidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Tendo en conta os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación anteriormente citados, a cualificación do alumnado realizarase en función de:

1. Autonomía e iniciativa persoal (20%):

- * Actitude a nivel individual:
 - Respecta as normas
 - Presta atención
 - Amona interese e esfórzase
- * Actitude respecto ao grupo:
 - Respecta aos seus compañeiros de grupo e mestra
 - Traballa correctamente en grupo
- * Traballo individual:
 - Remata as súas tarefas
- Amona orden e limpeza

2. Traballo diario de aula (20%)

- Participa de forma activa na dinámica da aula
- É constante no traballo
- Trae o material

- Realiza actividades propias da casa

3. Adquisición de obxectivos mínimos (60%)

- Realización de probas específicas

Listening (15%)

Speaking (15%)

Reading (15%)

Writing (15%)

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (B): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

Os criterios de promoción serán os establecidos polo equipo de profesores/as que imparten clase a cada grupo de alumnos.

O alumno/a accederá ao curso seguinte sempre que se considere que superou os criterios de avaliación das diferentes áreas así como os obxectivos propostos e o grao de adquisición das competencias correspondentes.

A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase despois de esgotar o resto de medidas (reforzo e apoio).

No caso de que un alumno/a promocióne con avaliación negativa na área de inglés e se supere en cursos posteriores, considerarase recuperada a todos os efectos.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			RESULTADOS
	NON CONSEGUIDO	CONSEGUIDO PARCIALMENTE	TOTALMENTE CONSEGUIDO	
Programación didáctica	Non se adecúa ao contexto da aula.	Adecúase parcialmente ao contexto da aula.	Adecúase completamente ao contexto da aula	
Plans de mellora	Non se adaptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Atopáronse medidas de atención á diversidade axeitadas.	

Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos/as.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos/as que o precisen.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos/as que o precisen.	
Obxectivos de materia	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			RESULTADO
	NON CONSEGUIDO	CONSEGUIDO PARCIALMENTE	TOTALMENTE CONSEGUIDO	

Competencias clave	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente	A ptáctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A finalidade da avaliación inicial é coñecer e valorar os coñecementos previos do alumnado.

A comprensión e valoración dos coñecementos previos dos alumnos/as facilita a planificación das aprendizaxes a desenvolver ao longo do todo o curso.

A avaliación inicial axúdanos a:

- Detectar as características que unha aula ou a maioría dos seus alumnos/as teñen ao comezo dun novo curso.
- Coñecer que alumnos/as teñen dificultades de aprendizaxe desde o inicio de curso ou presentan algún tipo de carencia para posteriormente realizar un plan de traballo con este alumnado.

A avaliación inicial realizarase no primeiro mes de cada curso e como máis tarde na primeira semana do mes de outubro.

Como consecuencia do resultado desta avaliación adoptaranse as medidas pertinentes de apoio, reforzo e/ou recuperación para o alumnado que o precise ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As probas de avaliación inicial partirán das competencias acadadas e obxectivos e contidos mínimos que o alumno/a adquiriu ao rematar ao curso anterior.

A avaliación inicial realizarase mediante procedementos tales como:

- Intercambios orais co alumnado.
- Simulación de situacións, debates,...
- Probas escritas e orais.
- Intercambio de información co equipo docente do curso anterior.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É evidente que unha mesma actuación educativa exercida nun mesmo grupo de alumnos/as produce efectos diferentes en función dos seus coñecementos e experiencias previas, das súas capacidades intelectuais, así como dos seus intereses e as súas motivacións.

Por esta razón, en moitas ocasións, debemos modificar ou adaptar os contidos ou a metodoloxía para que todo o alumnado poida acceder aos obxectivos establecidos. Do mesmo xeito debemos ofrecer actividades de ampliación para aqueles alumnos/as máis capaces.

Programaranse actividades de reforzo e ampliación destinadas ao alumnado que ten un ritmo de aprendizaxe máis lento ou unha maior facilidade para aprender linguas. Para este tipo de alumnos elaboraranse fichas específicas.

*** Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos/as con necesidades educativas especiais.**

As adaptacións centrásense en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.

- a) **Para os alumnos de altas capacidades**, facilitaranse contidos e material de ampliación.
- b) **Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves**, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Estas adaptacións serán significativas (suporán eliminación de contidos, obxectivos e os consecuentes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares). Cando as adaptacións non fosen suficientes o alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas: actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra da aula. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

13. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

A organización das actividades de seguimento, reforzo e recuperación, na área de inglés, variarán en función das necesidades do alumnado.

Entre as accións a levar a cabo destacamos as seguintes:

- Traballar de forma coordinada co titor/a
- Colaborar co titor/a na orientación aos pais con vistas a conseguir mellores resultados.
- Elaboración de materiais didácticos de acordo ás necesidades de reforzo e recuperación.
- Atención individualizada ou en pequeno grupo ao alumnado en diferentes momentos do horario lectivo.
- Atención na aula ordinaria mediante actividades adaptadas ás necesidades do alumnado.
- Alumnos/as axudantes

O proceso a levar a cabo sería:

- Determinar o nivel de partida de cada alumno/a.
- Marcar obxectivos e programar actividades personalizadas.
- Avaliación continua co titor/a

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Ademais de participar nas actividades propostas polos diferentes equipos (Samaín, Nadal, Día da Paz, ...) e polo propio centro, participárase naquelas que poidan xurdir ao longo do curso académico que sexan de interese para o alumnado e dacordo co protocolo de adaptación da COVID-19 nos centros de ensino non universidade de Galicia e para o curso 2021-2022.

15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLA NO CURSO

O Decreto 105/2014 do 4 de setembro, que desenvolve o currículo da Ed. Primaria, no seu artigo 11º establece unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as áreas.

Estes elementos son:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e TIC
- Emprendemento
- Educación cívica e constitucional.

Na nosa programación estes elementos desenvolverémolos a través dos seguintes plans: plan de convivencia, proxecto lector e lingüístico e plan TIC do centro.

16. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN E VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

En todas as unidades trataremos temas relacionados coa educación moral e cívica, a educación ambiental, a educación para a tolerancia, a educación para a igualdade de ambos os dous sexos, a educación para a saúde e a educación para o ocio, tal e como se detalla a continuación:

Por outra parte, as historias das diferentes unidades fomentan habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, ...

As actividades por parellas, como a práctica de pequenos diálogos, tamén favorece as relacións sociais entre os alumnos, a cooperación e o traballo en equipo.

Contribución desde a área de inglés ao plan de convivencia do centro:

- Establecer de maneira consensuada cos titores e resto do profesorado unhas normas básicas de comportamento e a forma para asegurar o seu cumprimento.
- Facilitar o tratamento dos conflitos a través das medidas especificadas no PAT.
- Reforzar positivamente condutas que faciliten a convivencia e promover situacións que potencien a súa aparición.
- Implicar ás familias nunha maior participación na educación dos seus fillos fomentando a colaboración coa escola e o tempo compartido cos seus fillos.
- Compartir coas familias estratexias de educación en valores adecuados para cada idade.

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO

As posibilidades de aplicación das TIC na área de Inglés son innumerables. De feito, a lingua inglesa é o idioma maioritario na rede. Internet é un medio óptimo para conseguir material auténtico para utilizar na aula.

Coa aplicación das TIC na área de Inglés pretendemos alcanzar os seguintes **obxectivos**:

- Facer que os nenos gocen da aprendizaxe do inglés, engadindo variedade, autenticidade e diversión á clase de inglés.
- Reforzar nos nenos a comprensión e uso da lingua estranxeira, mediante vídeos que presentan

o vocabulario aprendido na aula, nun mundo real de fala inglesa (no seu contexto natural).

- Incluír en todas as unidades didácticas, na medida do posible, o uso da rede como recurso didáctico e práctica interactiva dos contidos que se estean a traballar, correspondentes aos bloques de expresión oral e escrita, proporcionando así aos alumnos e alumnas unha serie de enlaces seleccionados previamente para que poidan utilizalos tanto na aula coma nas súas casas.

Actividades:

As actividades a desenvolver en relación ao uso das TIC son: Actividades no taboleiro dixital:

- Introducir novo vocabulario.
- Preguntar sobre imaxes ou situacións (actividades de pregunta e resposta sobre o que se mostra en pantalla).
- Busca de información en internet.
- Reforzo de lectura (contos e cancións con texto; actividades que xeran palabras escritas por compañeiros).
- Reforzo de escritura (actividades nas que se mostra unha imaxe e se pregunta que é; actividades nas que se escribe unha palabra baixo a súa imaxe, e se pregunta se é correcto, ou se mostra a palabra escrita na pantalla).

Actividades con vídeo:

- Actividades de inclúen repaso do vocabulario necesario e predición do contido, para que os nenos se impliquen no que van ver e se animen a tomar parte activa (actividades de motivación).
- Actividades de observación, de unirse ao vídeo levando a cabo instrucións cos personaxes e de facer comparacións culturais (durante a reprodución). Comprobar se as predicións que fixeran foron acertadas. Pódese poñer o vídeo varias veces, centrándose cada vez nun obxectivo distinto.
- Actividades orais e escritas, tras o visionado do vídeo: completar ocos, xogos de palabras,...
- Actividades de repaso ou de ampliación do tema, con tarefas personalizadas e realización de traballos que se poden exponer: cómics, pequenos contos, xogos e enquisas nos que participa toda a clase, actuacións de grupo, invención de estrofas adicionais para as cancións.

Actividades en formato dixital:

- Xogos educativos
- Oxford Online Learning Zone
- Páxinas web de interese

18. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

A experiencia da lectura na lingua estranxeira debe ir acorde ao desenvolvemento do resto de destrezas. Trátase de descubrir que ler (na propia lingua ou na lingua estranxeira) pode ser divertido ou emocionante; que a lectura non só debe ir unida ao estudio, senón que tamén pódese ler polo pracer de coñecer historias; que non é necesario traducir, nin entender todas as palabras, para comprender o significado dunha historia.

Obxectivos do Plan Lector na área de inglés:

- Crear lectores competentes que lles guste ler en inglés, con independencia do nivel de adquisición da lingua que teña o alumnado, e lograr que esta competencia se vaia acrecentando cada vez máis.
- Mellorar e interiorizar a adquisición do vocabulario e as estruturas traballadas na clase, e amplialas con outras que poidan ser usadas nos libros lidos.
- Optimizar a comprensión lectora, engadindo ás unidades didácticas actividades relacionadas coa lectura.
- Consolidar as destrezas lingüísticas de lectura a través actividades de comprensión auditiva, con lecturas que incorporen audio (contos animados, contos con audio, contos con CD, contos en formato dixital ou cancións).

Actividades:

Actividades de lectura colectiva ou compartida: destacar a que chamamos "ler xuntos". O profesor actúa como guía e facilitador da descodificación do texto, realizando a lectura oral dos relatos a todo o grupo ; así mesmo, a medida que lles conta a historia, vai solicitando a súa participación para que, por exemplo, formulen hipótese sobre o significado do que oen con apoio nas imaxes do texto, ou anticipen o desenvolvemento da historia baseándose na repetición de esquemas narrativos.

Ler xuntos, ademais de resultar divertido como actividade de achegamento ao texto escrito, posúe unhas características que o fan aconsellable dende o principio xa que:

- ✓ Trabállase a fonética e o vocabulario a través da historia lida.
 - ✓ A linguaxe faise significativa ao aparecer nun contexto de uso moi definido.
- ✓ Promóvese a posta en marcha de estratexias de comprensión animando aos alumnos a predicir o que segue, á vista das ilustracións que acompañan ao texto ou doutros índices textuais (por exemplo, nomes de personaxes ou lugares en maiúsculas).
- ✓ Poténciase a participación colectiva na lectura.

Facilitan este tipo de lectura as historias cunha estrutura narrativa recorrente, predicible, con

aceptables doses de repetición de estruturas morfosintácticas, léxicas, palabras que riman, etc., pois contribúen a que o significado se vaia construíndo de xeito interactivo, superando as dificultades propias dun achegamento individual.

De igual modo, tanto no primeiro como no segundo nivel considerarase a posibilidade de dedicar periodicamente un tempo á lectura individual coa creación, na medida do posible, dunha pequena biblioteca de aula.

Lectura autónoma e individual pode obedecer, por unha banda, a necesidades de obtención de información ou satisfacer a curiosidade do alumnado respecto algúns temas (por exemplo sobre animais, espazo, etc.) e por outra, a necesidades de comprobación ou reforzo das propias hipóteses léxicas, como é o caso, por exemplo, da consulta dun dicionario de imaxes.

Non obstante, a lectura individual por diversión ou entretemento ha de ter un espazo reservado no proceso de ensino e aprendizaxe. Por suposto, a lectura ha de ser silenciosa nese tempo e ha de procurarse non utilizar esta actividade con fins avaliativos, xa que nese caso se estaría a anular a finalidade con que se concibe: o achegamento espontáneo aos textos na nova lingua.

Actividades de comprensión lectora

Existe unha marcada tendencia no ensino de linguas estranxeiras a acompañar sistematicamente cada actividade de lectura, autónoma ou dirixida, dunha proba, xeralmente escrita, de "comprensión lectora". Non se trata de desbotar esa práctica por completo, pero si de utilizala cando exista un motivo que a faga imprescindible; por exemplo, cando queremos dramatizar un pequeno conto ou unha escena dunha historia habemos de asegurarnos de que se comprendeu ao ser lida.

Para comprobar a comprensión do lido pódense utilizar recursos variados, non necesariamente lingüísticos, tales como:

- Escenificar por medio de xestos ou movementos corporais unha historia ou parte dela (mímica)
- Facer unha ilustración sobre o momento máis divertido, triste ou apaixonante dunha historia.
- Ordenar viñetas desordenadas que ilustran a secuencia narrativa da historia.
- Identificar os personaxes dunha historia pola descrición que se fai deles.
- Realizar unha historieta gráfica da narración, con ou sen texto.

Actividades de Escritura

En canto ás *actividades de escritura* propóñense dous tipos: de produción colectiva ou compartida e de produción autónoma.

- *Actividades de produción colectiva*: adaptacións de contos traballados previamente na aula ou mesmo creacións propias cunha finalidade concreta como a súa escenificación mediante o mimo, marionetas, realizar ilustracións, etc.

➤ *Actividades de producción autónomas* referentes ás lecturas que realizan, poden adoptar diversas formas:

- Buscar palabras nunha sopa de letras.
- Escribir frases que describen unha secuencia temporal
- Dar ou escribir opinións sobre a lectura dun libro.
- Buscar información para completar unha tarefa específica.

Así mesmo pódense poñer en práctica periodicamente **mecanismos para dinamizar a biblioteca de aula e animar á lectura**, tales como:

o Expoñer ilustracións alusivas ao libro preferido acompañadas do título do libro ou dun texto explicativo ou descritivo.

A Biblioteca de Aula:

A biblioteca de aula para lingua estranxeira ocupa un lugar privilexiado entre os recursos que favorecen a aprendizaxe da lecto-escritora na nova lingua. Colocarase nun recuncho da aula, dedicado á área de inglés, sempre e cando sexa posible, senón xunto a biblioteca de aula de castelán e galego . A biblioteca irase formando gradualmente dende o momento que se introduce a palabra escrita, e é conveniente que conteña:

* Narracións curtas con abundantes ilustracións e de temática diversa, en función dos intereses dos alumnos destas idades:

- Relatos de historias fantásticas.
- Relatos de historias de animais.
- Contos tradicionais.
- Historias de feitos cotiáns.
- Historias humorísticas...etc.

* Textos sinxelos de consulta, sobre animais, máquinas, deportes, costumes...

* Dicionarios de imaxes.

* Revistas, cómics

Os libros para a biblioteca de aula serán aportados, na medida do posible, pola biblioteca do centro, polos propios alumnos/as e polo departamento de inglés.

Plan de lectura

Durante o curso tense previsto traballar na aula a lectura dun libro adaptado á idade do alumnado que será elixido polo departamento de inglés.

19. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A autoavaliación da práctica docente sérvenos para reflexionar sobre a nosa práctica educativa. Os aspectos a avaliar esta programación son: a planificación, motivación do alumnado, presentación dos contidos, as actividades desenvolvidas, recursos empregados,... A continuación propónse unha escala de valoración para avaliar o desenvolvemento da propia programación:

INDICADORES	VALORACIÓN		
	SI	NO	PROPOSTA DE MELLORA
PLANIFICACIÓN			
-Programo a miña actividade educativa tomando como referencia o Proxecto Curricular, e no seu caso, a programación de área			
- Diseño as unidades didácticas basándome nas competencias básicas que deben adquirir os alumnos/as			
-Formulo os obxectivos de xeito que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos/as deben acadar.			
-Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula coa secuenciación axeitada ás características de cada grupo de alumnos/as.			
-Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos, contidos e en función das características dos alumnos/as.			
-Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos) axustados á programación didáctica e, sobre todo, ás necesidades e intereses do alumnado.			
-Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (de nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesorado de apoio)			
MOTIVACIÓN INICIAL DO ALUMNADO			
-Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.			
-planteo situacións introductorias previas ao tema que se vai a traballar (traballos, diálogos, lecturas)			
MOTIVACIÓN AO LONGO DE TODO O PROCESO			
-Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.			
-Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade e aplicación real.			
-Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas			
PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS			
-Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado			
-Estructuro e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante)			

-Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando,...			
ACTIVIDADES NA AULA			
-Planteo actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos, as habilidades e técnicas instrumentais básicas			
-Propoño actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de consolidación, recuperación,...)			
-Existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.			
RECURSOS E ORGANIZACIÓN DA AULA			
-Distribuío o tempo axeitadamente (o tempo de exposición, traballo oral, tempo para que o alumnado realicen os traballos na aula)			
-A dopto distintos agrupamentos en función da tarefa a realizar, dos recursos a empregar, ... controlando sempre que haxa un bo clima de traballo.			
-Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, ...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado			
INSTRUCCIÓN, ACLARACIÓN E ORIENTACIÓN ÁS TAREFAS DO ALUMNADO			
-Comprobo que o alumnado comprenderon as tarefas que teñen que realizar.			
-Facilito estratexias de aprendizaxe: como pedir axuda, como atopar fontes de información, pasos para resolver as actividades, dou ánimos e asegúrome que participen todos			
-Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dou pistas,...			
CLIMA DA AULA			
-A relación co alumnado dentro da aula e as que estos establecen entre si son correctas, fluidas e non discriminatorias.			
-Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe			
SEGUIMENTO DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE			
-Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fora da aula), agrupamentos e materiais empregados			
-Dou información ao alumnado sobre como realizar as tarefas e como pode melloralas			
-En caso de non acadar os obxectivos propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición			
DIVERSIDADE			
-Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, o seu ritmo de aprendizaxe, as posibilidades de atención,... e en función desto adapto os contidos, actividades			
-Coordino con outros profesores (de apoio, DO, titores) para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, ...			
AVALIACIÓN			
-Aplico os criterios de avaliación dacordo coas orientacións da Concreción Curricular			
-Cada unidade didáctica ten establecido os criterios de avaliación			
-Emprego diferentes criterios de avaliación que atendan a avaliación dos diferentes contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais)			
-Utilizo sistemáticamente instrumentos variados de recollida de información (observación, caderno do alumno/a, participación na clase, diario de clase,...)			
-Corrijo e explico os traballos e actividades do alumnado e, dou pautas para a mellora do alumnado			
-Uso estratexias e procedementos de autoavaliación			
-Uso diferentes instrumentos de avaliación (probos orais, escritas, observación directa,...) para coñecer o rendemento académico do alumnado			
-Emprego diferentes medios para informar aos pais, profesores e alumnado (axenda de clase, reunións individuais cos pais, reunións de avaliación,...) dos resultados da avaliación			
-Utilizo os resultados da avaliación para modificar e mellorar a miña intervención			
-Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación			
-Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dunha unidade, dun tema			